



**CONCELLO DE CARIÑO**

Avda. da Paz, 2  
15360 CARIÑO (A Coruña)

ALEJANDRA PARDO VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Cariño (A Coruña)

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada en data 13/05/2022, adopta, entre outros, o seguinte

**ACORDO:**

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO CONCILIA CARIÑO VERÁN 2022 E NADAL 2022-2023 (EXPDTE 2022/S011/000004).**

Visto o texto da xeral de prezos públicos do Concello, publicada no BOP nº 231 de 07/12/2016.

Vista a proposta e a memoria formuladas polo Concelleiro de Cultura o 21/04/2022, sobre a necesidade de establecer un prezo público pola prestación do servizo da actividade de Concilia Cariño verán 2022 e Nadal 2022-2023, que se realizará no Concello entre os días 04/07/2022 ao 02/09/2022 (verán); e durante os días 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro 2022 e 2, 3 4 e 5 xaneiro 2023 (nadal).

Vista a memoria económico-financieiro da Interventora de data 13/05/2022

Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 13/05/2022.

Realizada a tramitación legalmente establecida, a Xunta de Goberno por unanimidade dos seus membros, e en votación ordinaria,

**ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Establecer o prezo público pola prestación do servizo da actividade Concilia Cariño verán 2022 e Nadal 2022-2023, que se realizará no Concello entre os días 04/07/2022 ao 02/09/2022 (verán); e durante os días 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro 2022 e 2, 3 4 e 5 xaneiro 2023 (nadal).

O feito do que deriva a obriga do pagamento é a asistencia dun menor ao citado campamento, e os suxeitos pasivos do prezo público son os pais/nais ou titores legais. O prezo por asistencia ao Campamento será:

**-Para o verán (cota semanal):**

1º membro da unidade familiar: 20 €

2º membro da unidade familiar: 15 €

3º e seguintes membros da unidade familiar: 12 €

**-Para o Nadal (cota por todo o campamento):**

1º membro da unidade familiar: 25 €

2º membro da unidade familiar: 19 €

3º e seguintes membros da unidade familiar: 15 €

**SEGUNDO:** Establecer a exención do pago do prezo previa recomendación polo Departamento de Servizos Sociais, trala acreditación da situación de asistencia aos campamentos e da imposibilidade de asumir a cota por parte da familia.

**TERCEIRO:** Autorizar o gasto con cargo á partida 231-22799 do orzamento municipal de 2020, actualmente prorrogado.

**CUARTO:** Publicar o presente acordo no BOP e no Taboleiro electrónico municipal.



**CONCELLO DE CARIÑO**

Avda. da Paz, 2  
15360 CARIÑO (A Coruña)

E para que conste os efectos oportunos expido a presente por orde e co visto e praxe do Alcalde, coa salvidade que establece o artigo 206 do ROF, en Cariño, a dezaseis de maio de dous mil vinte e dous , de todo o que eu, Secretaria, Certifico.

Vº e Pce

O alcalde

Asdo: José M. Alonso Pumar